
Mahonia aquifolium (< Berberis a.) (Pursh) Nutt., 1818

- bérberis de folla de acivro/acevo
- mahonia, uva de Oregón, barberis
- gorosti, korosti
- mahònia de fulla de grèvol
- holly-leaved barbery
- maónia, uva-do-Oregón



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Ranunculales**	**Berberidaceae**	***Mahonia***

ORIXE

Oeste dos Estados Unidos.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto de folla perenne de entre 0,5 e 1,5 m de altura, que, en condicións favorables, pode alcanzar os 2,5-3 metros. Follas compostas, pinnadas, coriáceas, con bordos espiñentos, de cor verde escura que se torna avermellada no outono e no inverno. Flores amarelas, aromáticas e en forma de campá; medran en acios duns 5 cm de longo. Os froitos son bagas carnosas, elipsoidais ou case esféricas duns 0,4 cm de diámetro. Cambian de cor verde a unha cor máis escura (negro-azulada) a finais do verán. Florece de febreiro a abril e os seus froitos maduran a partir de xuño.

HÁBITAT

Habita as ladeiras dos bosques de coníferas. Dende os 400 ata os 2100 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Dende o oeste de América do Norte, a Columbia Británica e California, estendéndose cara ao leste ata Idaho e Montana. Introducida como cultivo en Europa.

CURIOSIDADES

Os seus froitos son comestibles e tradicionalmente os nativos americanos usábanos con fins medicinais e como parte da súa dieta. Hoxe en día, utilízanse para facer xelatina.